



Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE FERROL

Moción do Grupo Municipal de EU en relación co apoio á emenda referida á *Protección do patrimonio marítimo flotante. Estatuto xurídico das embarcacións históricas e tradicionais*

Yolanda Díaz Pérez, Voceira do Grupo Municipal de Esquerda Unida, de conformidade co disposto no artigo 104 do Regulamento Orgánico do Concello de Ferrol, e co artigo 97.2 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta a seguinte Moción ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos meses finais do ano 1999, un dos xornais de maior tiraxe no Estado, publicaba en grandes titulares, *A TRISTE DERROTA DO GALATEA, a última derrota naval da Mariña española sucedeu en 1992. E foi ante Gran Bretaña, o seu inimigo histórico. O Galatea, un veleiro do século XIX, pasou de Sevilla a Glasgow.*

Nos últimos anos na cidade de Ferrol se está a valorar máis o seu patrimonio cultural, marítimo e fluvial, sendo en moitos casos exemplo a seguir para outros concellos de Galicia, ou porque non ?, para a mesma cidade de Brest, orgullo da veciña Francia, e que non duvidou en honrarnos coa presenza no noso porto, da súa emblemática goleta La Recouvrance, nome do barrio vello da cidade de Brest onde os seus tripulantes e persoeiros representantes do seu concello admiraron a que sempre foi cidade rival, e valoraron o que a pesares de todo, aínda se atopa en bo estado de conservación.

Dita visita xunto á doutras delegacións internacionais e do territorio español, co gallo da celebración en Ferrol dos VIII Encontros de Embarcacións Tradicionais de Galicia, en xullo de 2007, abriron ao mundo e a nós mesmos a xanela pola que ollar o noso Patrimonio, non sempre valorado por nós mesmos, e tampouco polas nosas institucións, séndoo máis polo traballo desinteresado do asociacionismo do ramo e dos que non descansan na procura de conquistar a preservación e a posta en marcha de artes e ferramentas outrora imprescindibles no mar e nos ríos.

Cando falamos de embarcacións tradicionais e históricas estamos a referírmonos ao patrimonio marítimo flotante ou, seguindo as tendencias europeas, habería que falar de **embarcacións de interese patrimonial**, xa que baixo este concepto incluimos tamén outras embarcacións singulares (caso do Hidria II, o único buque a vapor que aínda navega en toda a Península Ibérica), xunto coas de valor etnográfico (gamelas, dornas, chalanas, racús, galeóns, bous, buquetas, lanchas, trincados, botes de media construción, polbeiros...) ou as embarcacións históricas (Neves, Nauja, Zorba, Raquel...).

É ben coñecida e valorada fóra do noso país (a xa máis numerosa e máis diversa do Estado), a flota de **embarcacións de interese patrimonial de Galicia**, así como o noso movemento asociativo, representado na nosa cidade polo **Club Do Mar Ferrol**, membro da **Federación Galega Pola Cultura Marítima e Fluvial**, primeira fundada na Península Ibérica. Promotoras, ámbalas dúas, dunha acción de apoio da Corporación Municipal de Ferrol, ao recoñecemento xurídico destas embarcacións patrimoniais, na liña que outras corporacións promoven nestas datas.

A recuperación destas embarcacións, así como da súa contorna paisaxística e o patrimonio material e inmaterial asimilado, foi clave para a conservación ou rexeneración das fachadas marítimas en certas vilas de Alemaña, Croacia, Francia, Inglaterra e, sobre todo, nos Países Baixos e o norte escandinavo. Para iso, o **patrimonio cultural marítimo**, representado de xeito sinalado, polas embarcacións de interese patrimonial, debera ser obxecto dun tratamento respectuoso, xa que tamén podería ser unha forma de recuperación da fachada marítima orixinal de Ferrol, hoxe oculta por tantos muros de ineficaz, alta e fea estética, enfocándoo, quer como sinal identitario de singular importancia ou como recurso económico a desenvolver, impedindo por lei accións como a que sinalaba o devandito xornal de tran triste lembranza para a poboación de Ferrol.

O recoñecemento das embarcacións de interese patrimonial, a súa **distinción e discriminación positiva**, debe terse en conta na nova lei por parte das administracións central e autonómicas, como xa ocorre en Galicia, coa lei que entrou en vigor neste ano 2010, pero que incomprensiblemente non é aplicable nos portos galegos de titularidade estatal.

O Grupo Municipal de Esquerda Unida, en atención o antedito, somete ao Pleno do concello de Ferrol a seguinte proposta de ACORDOS:

1º.- O Concello de Ferrol manifesta o seu pleno apoio á emenda ao proxecto de *Lei Xeral de Navegación Marítima*, que contempla a introdución dunha disposición adicional titulada “ *Protección do patrimonio marítimo flotante*. Estatuto xurídico das embarcacións históricas e tradicionais “.

2º.- Instar á Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados para que trate este asunto e o incorpore ao futuro texto lexislativo.

3º.- O Concello de Ferrol solicitará da Autoridade Portuaria correspondente a aplicación en Ferrol, con carácter retroactivo, do recoñecemento e a súa distinción e discriminacións positivas para as embarcacións de interese patrimonial.

4º.- Dar conta desta proposta de acordos á Comisión de Xustiza do Congreso dos Deputados e á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Ferrol, 11 de marzo de 2010.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Voceira do Grupo Municipal de EU